

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 19 DE
XULLO DE 2013.**

ASISTENTES:

CONCELLEIROS:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)
D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
D. Antonio Couso Álvarez (PSdeG-PSOE)
D^a Paula Fernández Pena (PSdeG-PSOE)
D^a María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
D^a Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e un minuto, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

ORDE DO DÍA

1º.- ELECCIÓN DO ALCALDE

Procede o secretario indicando que en cumprimento do disposto no artigo 195.4 da LOREG procédese a declarar constituída a Corporación ao existir o quórum necesario da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

En cumprimento do previsto nos artigos 198 e 196 da LOREG e a efectos da Presidencia da Sesión, segundo acordos da Xunta Electoral Central de 15 de abril de 1998 e 21 de setembro de 2000 e 19 de setembro de 2001 a sesión para a elección do novo Alcalde será presidida polo Tenente de Alcalde que non sexa candidato, e no seu defecto polo concelleiro de máis idade.

Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen a súas correspondientes listas a non ser que renuncién á candidatura en cuxo caso pasará o renunciante a ocupar o último lugar desta, a Xunta Electoral Central en acordo do 29 de xuño de

1999 ten establecido que a renuncia a ser candidato ao cargo de Alcalde pode efectuarse en calquera intre posterior ao seu nomeamento.

Acto seguido pregúntase polo secretario e aos efectos de presidir a sesión e proclamar candidatos se pola orde da lista algún candidato renuncia.

Preguntado ao cabeza de lista do PSdeG-PSOE, ao renunciar a anterior alcaldesa e cabeza de lista Paula Fernández Pena, se renuncia a ser candidato á Alcaldía, dí Don Manuel Cuiña Fernández que non renuncia. En consecuencia pasa a presidir a sesión dona María Dolores García Troitiño.

Preguntado ao cabeza de lista do PP pregúntase a Dona María Jesús Penela Mato se renuncia a ser candidata á alcaldía ao que resposta que sí. Preguntado ao seguinte da lista Don José Antonio Ramos Barro se renuncia a ser candidato á Alcaldía resposta que sí. Preguntado ao seguinte da lista Don José Luis Espiño Espantoso se renuncia a ser candidato á Alcaldía resposta que non.

Preguntado ao cabeza de lista do BNG Don Matías Rodríguez da Torre se renuncia a ser candidato á Alcaldía resposta que sí.

En consecuencia quedan proclamados candidatos

Don Manuel Cuiña Fernández polo PSdeG-PSOE
Don José Luis Espiño Espantoso polo PP.

Prosegue a Presidenta, Dona María Dolores García Troitiño quen pregunta se algún dos candidatos ou aqueles que renunciaron a presentarse como tales e que encabezaban a lista desexan intervir para explicar os motivos da súa candidatura ou da renuncia, pregando que se ciñan á orde do día que é a elección do Alcalde.

O Sr. Cuiña declina intervir

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que o PP de Silleda foi a segunda lista máis votada nas pasadas eleccións municipais. Que se postula como candidato xa que os precedentes do Sr. Cuiña son de xestión opaca, que foi reprobado polo pleno e que incumple as súas obrigas tributarias, que de ser elidido o Sr. Cuiña preséntanse 2 anos negros para o pobo.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre nos seguintes termos

"Xa adianto que a mentira e a manipulación segue até hoxe nalgún medio de comunicación, onde se dá por comezadas unha relacións que non existen, pois o PsoE non ten interese en Silleda, só lle quere facer o lavado de cara ao abandono da senadora. E o Psoe ten un problema en Silleda e sábeo, mais vós o provocastes e a vós vos corresponde amañalo. E non vos vexo trazas, ningunha. Non se soluciona mandando unha patraña mentireira a un xornal. En absoluto!.

No medio da lexislatura atopámonos na tesitura de elixir novo alcalde de Silleda, logo do abandono da Alcaldesa nun cambio de cromos do PsoE, movendo fichas e peóns e demostrando máis unha vez que o que menos lles importou e importa é Silleda e o seu pobo.

No medio dunha lexislatura inicia a Alcaldesa reprobada e xa renunciada unha viaxe de ida a Madrid que xa non ten volta, e deixa colgados aos electores e electoras, incautos moitos e moitas polas promesas vitimistas, ao creren que o importante era recuperar a Alcaldía de Silleda para gobernar a trasdezaos e trasdezás. Nada máis lonxe da realidade, ela foxe e postulan desde o PsoE a un candidato reprobado por esta corporación, por grande parte do seu propio electorado e da sociedade, mais o xogo da "democracia" é o que ten. Foron a candidatura máis votada nas eleccións de 2011, aínda que de seguro que o resultado non tería sido este na actualidade. Non merecedes a nosa confianza. Démosvos días investiduras e utilizástelas para manipular, mentir e gobernar de xeito rastreiro. Ao BNG non se lle pode esixir máis

Ao candidato reprobado atribuímoslle un monte de "méritos" na súa xestión como tenente de Alcaldesa: confesións farrucas a torto e a dereito, contratacións irregulares, sinaturas ficticias, crer como propios os vehículos municipais, tomar por parvos aos cidadáns e pretender introducirnos na Parvocracia, ao desafiar a toda a sociedade polo impago do recibo do lixo...Unha recua de "marabillas" cheas de sectarismo e discriminacións que o converten nun candidato propio de épocas pretéritas, propio do caciquismo máis afanado do Partido Popular. Daríalles un bo candidato.

Enfronte temos un PP desnortado, tamén coa fuxida nas súas filas de quen foi candidato a Alcalde. Con isto ben vemos o que lles interesa Silleda a uns e a outros. A estafa electoral que sufriron os silledenses nesta lexislatura. A estafa electoral que levan sufrindo desde sempre, con maiorías caciquís e de dereitas, con xuntoiro combinado en 2007, remexido que acabou como acabou, e ante a presunta renovación de 2011, outro remexido que aínda non tivo fin: unha baixa do candidato a alcaldía polo PP, expulsión do BNG do goberno bipartito que tentaba darlle estabilidade política a Silleda, (quen sabe se xa a Senadora sabía en Marzo do seu cargo e por iso quixo eliminar do goberno ao rival que llo encabezaría despois, quixeran ou non. E botounos e maltratounos, e difamou e mentiu e quixeron reflectir o que eles son en nós). Continuamos: reprobación dos dous mandatarios máis altos do PsoE, abandono da Alcaldesa, semella que corre a lista até o fin para atopar unha sombra de confianza, dimisión do Concelleiro temporizador, e aí aínda non parará, pois eu xa dixen que no goberno local había medos e máis aínda cando foxe a árbitro e encamaran ao discutido segundo no fondo e nas formas polos seus correligionarios, algúns deses que simplemente alzan a man para votar nos plenos.

Falaba do PP sen norte, acuciado pola corrupción máis flagrante nunca vista en democracia, sen rumbo nin dirección tamén en Silleda, á espera de que a xente canse e cambie o cormo da marca P de PsoE, para o P de Pp. Non tendes capacidade, o pasado pesa moito, como unha lousa e clausúravos o futuro, o cal ten que ser para os valentes, os limpos, os que nunca traizoaron á sociedade, os que gobernan para as maiorías e non para as minorías.

Aí atopámonos coa semellanza do PpsoE. Si que se puxeron dacordo para facer a pinza e mandar cos seus únicos vostos, os do PsoE e os do PP a Paula Fdez ao senado. Uns de dereita extema e outros de dereita maqueada, mais dereita en fin...Pregúntenlle a Manuel Cuiña, candidato a Alcalde no día de hoxe se é socialista?, pregúntenlle a Xosé Luís Espiño se é popular? Enganan a sociedade xa no propio nome. Socialista é o que traballa para a sociedade, popular é o que sae do povo e traballa para o povo.

Pregúntenlle ao BNG, aquí estamos, si, o BNG, como conxunto de persoas que loitamos por unhas ideas, e que cando tivemos ou temos responsabilidades en calquera ámbito demostramos a nosa capacidade, responsabilidade e coherencia, nacionalista para traballar polo País, e facer País desde o Concello, tamén desde Silleda, dede a esquerda e a paciencia. Fomos moi pacientes con toda a morralla que se veu e se ve. Mais seguimos co obxectivo de romper con todo isto para que comece a democracia real en Silleda, na que a xente non teña que agacharse e poida dicir libre e dignamente o que pensa.

Compromiso é o que non tiveron nin PP, nin recentemente PsoE co Trasdeza, compromiso é o que temos nós, que non deixamos tirados a ninguén e aquí seguimos, sen quebrantar o xogo democrático electoral, mais sen participar en xogos de palacio, en movementos comenenciados...

Estamos aquí presentes na Corporación e ante a sociedade silledense, as súas 33 parroquias, para servilas e non beneficiarse delas, para traballar cóbado con cóbado coa xente e non deixala na estacada, nin xogar con ela e coas súas ilusións, para lembrar que o BNG está moi orgulloso de que 513 valentes lle desen o seu apoio, o seu prezado voto, en maio de 2011, e preparados para asumir os reptos futuros para acadar en 2015 a confianza dunha maioría social que nos eleve ao goberno na condición de políticos da xente e para a xente, que é o que somos. Nós non tratamos á cidadanía coma ovellas, nin coma galiñas, como fixestes uns e outros...e tamén lle dicimos á cidadanía que non impos participar de temeridades agora a metade da lexislatura cunha representación do 8% dos votos de Silleda e ter diante nosa a 2 que son dúas caras da mesma moeda de imposible combinación con eles, mais se cadra si entre eles, que gobernarían a base de caciquismo, uns sen recoñecelo, mais con esas trazas e outros, os que se vos queren presentar como renovados, o PP, recoñecendo que levan o caciquismo no sangue.

Nós dicímosvos, cidadás e cidadáns, que non imos ser, como algúns poden pensar, chave de nada, porque para ser chave ten que haber pechadura, e nin temos o molde aínda, nin a porta ten pechadura, esgazárona, fixeron dela trizas e hai que facer molde e chave nova e cambiar a pechadura...e para iso está 2015 para aprendermos todos dos erros cometidos, como votantes e coma polític@s. Todas e todos cometemos erros, repito votantes e políticos. E en dous anos temos de ir a por todas, desbotando cunha xesta todo canto refugallo impida varrer o Concello de polític@s que se avergonzan de selo, e de xente que se dedica en sede municipal, ou que só aspira, a cambiar cromos, xogar ás casitas e contar cartos.

Nós, O BNG, hoxe non imos ser partícipes deste espectáculo no que converteron Silleda uns e outros, con catroalcaldías en 6 anos. A nós convocádemos para solucionar os problemas das veciñas e dos veciños, ben sexa na AP-53, nas pistas, no monte, no alumeadado público, no movemento asociativo, no que sexa, mais son eles os protagonistas, non nós aquí facendo de equilibristas e domadores no circo que instalastes en Silleda desde hai unha boa tempada, e que conclúe nesta "investidura". Con E.

Menos lérias, menos circo e a traballar polo povo, que para iso nos escolleron!"

Dilixencia: *Para facer constar que cando son as trece horas e dezaseis minutos e rematada a súa intervención o Sr. Rodríguez da Torre abandona o salón de plenos.*

Rematadas as intervención explícase por parte da Sra. Presidenta o sistema de votación que será o ordinario outorgando o voto os concelleiros a un só dos candidatos propostos mediante man alzada. Se algún concelleiro obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros, isto é 7, queda proclamado alcalde. Por outra banda se ningún dos concelleiros obtén a maioría absoluta queda proclamado alcalde Don Manuel Cuiña Fernández ao ter obtido a lista pola que concorreu ás eleccións de 2011 o maior número de votos populares, concretamente 2.853 votos.

Procédese á votación obténdose o seguinte resultado:

Votos para o candidato Don Manuel Cuiña Fernández 6

Votos para o candidato Don José Luis Espiño Espantoso 6

En consecuencia queda proclamado alcalde Don Manuel Cuiña Fernández en Base ao previsto no artigo 196.c) da LEI ORGÁNICA DE RÉXIME ELECTORAL XERAL ao obter maior número de votos populares nas eleccións de 2011.

Por parte da Presidencia solicítaselle a Don Manuel Cuiña Fernández para que se acerque á mesa presidencial para tomar posesión do cargo, que o fai baixo a seguinte fórmula:

"Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Silleda, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado."

Por parte da Presidenta solicítase que se acerque á mesa presidencial Dona Paula Fernández Pena, como exalcaldesa, para facer entrega do bastón de mando ao novo Alcalde, facéndose por parte desta a entrega.

Acto seguido intervén o xa novo Alcalde. Dí que a súa intervención vai no senso do que será a partires de agora. Quere felicitar á nova senadora que xunto co noso deputado autonómico Silleda ten unha grande representación noutras institucións, desexándolles o mellor na andaina que van a percorrer. Dí que o Concello estaba na bancarrota que se puxeron na senda da recuperación económica, que lamentablemente aínda é moito o que queda por facer. Quere darlle prioridade nas actuacións á residencia da terceira idade para que ningún veciño se vexa privado de ver aos seus amigos, lembra a aportación enorme que fixo un veciño para esta actuación a quen llo quere agradecer, prosegue dicindo que en materia laboral están obrigados a ter ideas como a bolsa de emprego municipal e que teñen que seguir facendo esforzos en materia social. En materia de urbanismo dí que hai un traballo realizado que o PXOM atópase en información pública despois da aprobación inicial e que foi achegado a todas as parroquias. Dí que van ter compañeiros novos no grupo de goberno con gañas e ilusión, co cal teñen os ingredientes necesarios de de calidade para traballlar por Silleda.

Quere referirse aos concelleiros, dí que coa reprobación sufrida non pasou nada, que non hai ningún caso de corrupción e que como alcalde quere facer unha oferta, que ten o programa do PSdeG-PSOE, que é un contrato que acadou a maior parte dos votos, dí que lles vai a facer entrega do programa e que eles fagan o mesmo e

que onde existan coincidencias nos programas dos distintos grupos se compromete a levalos a cabo no resto da lexislatura.

Remata dicíndo que deben desaparecer as liortas que nada aporta á veciñanza, dándolle as grazas aos veciños, amigos e familiares "por estar ao noso lado".

E sen máis asuntos que tratar, o Alcalde da por rematada a sesión cando son as trece horas e trinta e tres minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O ALCALDE

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE

O SECRETARIO

